



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E DOUS DE MARZO DE 2017, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN
	D ^a . MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
	D ^a : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. EUGENIO BARREIRO GÓMEZ
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta minutos do día vinte e dous de marzo de dous mil dezasete, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (22/02/2017).

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o pasado vinte e dous de marzo que é aprobada por unanimidade dos asistentes.

2º.- Declaración institucional do concello de Vedra con motivo dos cambios no servizo de Correos de Vedra.

Dáse conta da proposta de declaración institucional do Concello de Vedra, apoiada polos voceiros dos tres grupos políticos municipais, cuxo contido é o seguinte:

“Como representantes institucionais e políticos do Concello de Vedra é o noso deber velar polo mantemento de todos aqueles servizos que resulten necesarios e útiles para a veciñanza do noso municipio.

Atendendo ás últimas novas sobre a reorganización que a empresa Correos e Telégrafos está a realizar nas oficinas postais do rural e que afectan tamén á oficina de Correos de Vedra, este concello puido saber que o cambio substancial que afectará á veciñanza será o de horario de atención ao público na oficina, abrindo tan só de 8:30 a 10:00, cando actualmente tamén atenden ao público de 13:30 a 14:30.

Consideramos que só a atención á primeira hora non é suficiente para un concello coa nosa poboación, actividade e empresas, e dado que se trata dun servizo esencial vemos necesario que, cando menos, se manteña como ata o de agora, isto é, de 8:30 a 10:00 e



de 13:30 a 14:30 horas. Deste xeito, aquelas persoas que non poden acudir no horario de primeira hora teñen outra alternativa, evitándolles ter que ir ata outros concellos para meros trámites postais

Por todo isto, o concello de Vedra declara o seu compromiso coa defensa dos intereses da súa veciñanza neste asunto polo que insta a Correos e Telégrafos para que manteña a súa oficina de correos en Vedra, manteña o horario de 08:30 a 10:00 e de 13:30 a 14:30, e así mesmo amplíe os servizos ofertados en relación aos que actualmente se prestan”

O Sr. Lema Mougán do PP di que se trata de face un manifesto en defensa dos intereses dos veciños de Vedra respecto do servizo postal e o mínimo é defender os horarios que había antes, independentemente de que se mellore coa implantación de unha oficina técnica nas proximidades.

Sométese a votación a declaración institucional do concello de Vedra con motivo dos cambios no servizo de Correos de Vedra que é aprobada por unanimidade dos asistentes.

3º.- Acordo, se procede, sobre moción de Veciñ@s de Boqueixón e BNG-AA Vedra para o mantemento das oficinas de correos nos concellos de Boqueixón e Vedra.

Dáse conta da moción presentada por Veciñ@s de Boqueixón e BNG-AA Vedra para o mantemento das oficinas de correos nos concellos de Boqueixón e Vedra.

Nela expoñen que o 29 de xullo de 2016 aprobouse na Deputación da Coruña, co voto favorable de todos os partidos políticos unha declaración institucional sobre a defensa do reparto postal nas áreas rurais na provincia de A Coruña, que recolle entre outros valores, o seguinte:

“O servizo postal en Galicia ten un interese público primordial como unha peza básica para o desenvolvemento económico e tamén para a vertebración e a cohesión social. Ese carácter de servizo público primordial fai que o conxunto da poboación, independentemente do lugar en que viva, debe garantir o acceso a unhas comunicacións postais alcanzables, baixo o principio de igualdade de trato establecido pola normativa vixente.

Calquera proposta de modificación do sistema público postal debe ter moi presente o carácter universal e a prestación deste servizo e a súa accesibilidade en condicións de equilibrio e igualdade no conxunto do territorio.”

A igualdade no acceso ás comunicacións é un dereito recollido na Constitución, na Lei 43/2010 do Servizo Postal Universal, e na Directiva 97/67/CE e na 2008/6/CE do Parlamento Europeo, onde definen os servizos postais como servizos de interese económico xeral, e establece o sistema de garantías para a súa protección, entre elas, o reparto postal diario, cinco veces por semana, da correspondencia.

Os concellos de Boqueixón e Vedra teñen características demográficas comúns: entorno rural, forte avellentamento da poboación, ... constituíndose como o principal problema o despoboamento, deste maneira calquera pequena alteración nos servizos



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



esenciais incide na posibilidade de aceleración do despoboamento en curso, incidindo na desafección dos veciños e evitando o asentamento de foráneos.

As oficinas de correos de ambos concellos contan con cada vez menos carteiros asignados, así como a paulatina retirada de competencias, enfrontándose aos seguintes retos comúns: ampliáanse as áreas de reparto como consecuencia da diminución de persoal, facendo practicamente imposible un reparto diario de correos incumprindo as Directivas Europeas, e ao perder calidade no reparto rural pérdese un dos últimos vínculos que moitos veciños teñen coa Administración Pública.

Coa recente determinación de eliminar o persoal asignado a ambas oficinas, mantendo unicamente un servizo de atención ao público reducido de mañá, trasladando aos traballadores a Compostela, suporá unha perda dunha hora e media de reparto por carteiro e día, de maneira que en conxunto o servizo de reparto experimentará unha perda de dez horas e media no reparto diario, empeorando substancialmente o servizo prestado.

Os Concellos de Boqueixón e Vedra están situados na Vía da Prata do Camiño de Santiago, ofertando Correos na actualidade un “Servizo de Mochilería”, que lle permite aos peregrinos desprazarse de albergue a albergue sen portar a mochila, constituíndo a consolidación e mellora na efectividade deste servizo unha ferramenta fundamental para o desenvolvemento da oferta turística dos concellos.

Por todo isto solicitan o apoio do pleno para aprobar o seguinte acordo:

1º.- Ofrecerlle á empresa Pública de Correos SAE as seguintes alternativas ao desprazamento cara a Compostela, do persoal asignado ás oficinas de Vedra e Boqueixón:

- a.- Solicitar o mantemento do persoal asignado ás oficinas de Boqueixón e de Vedra, cos mesmos horarios de atención ao público que manteñen na actualidade.
- b.- De considerar a empresa que non ha lugar ao mantemento do persoal asignado ás oficinas na actual modalidade, solicitar a unificación de ambas nunha localización intermedia nas proximidades da estrada nacional nun local cedido polo concello afectado (de maneira que o servizo cubrirá un espectro de practicamente dez mil habitantes), coas seguintes condicións:

*Asignar o mesmo número de traballadores que ten na actualidade Vedra, e recuperar o posto de traballo perdido en Boqueixón.

*Manter a atención ao público en horario de mañá en Vedra (da mesma maneira que oferta Correos no caso de desprazar o persoal a Compostela).

*Que a nova oficina sexa unha “Oficina Técnica”, en igualdade de condicións que noutros concellos con 6.000, 8.000 ou 9.000 veciños (caso de Caldas de Reis, Silleda, Cruces ou Chantada).

Desta maneira daríase servizo ás empresas asentadas no territorio (canteiras, empresas da madeira no sector primario e secundario, empresas de elaboración de pensos, etc), os veciños recuperarían servizos paulatinamente detraídos ao longo destes últimos anos, e gañaremos novos servizos (por exemplo, o pago de facturas non domiciliadas a Fenosa,



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



pago de Multas de Tráfico, servizos de paquetería azul ou ordinaria, o envío de burofax, etc.). Unha oficina Técnica compartida permitirá tamén dar un servizo efectivo aos peregrinos, potenciando A Vía da Prata.

En resumo, o establecemento dunha Oficina Técnica nun punto intermedio entre Silleda e Compostela, redunda na calidade do sistema.

2.- Facer pública a aprobación da presente moción en medios de comunicación, e publicacións propias dos concellos.

3.- Solicitase igualmente, a defensa da presente moción por parte dos nosos Alcaldes, Sr. Carlos Martínez Carrillo, e o Sr. Manuel Fernández Munín, perante o actual Xefe da Zoa 1 de Correos (que dispón de Oficina en Compostela), Sr. Ángel Pérez Pérez.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA quere recordar que o servizo de Correo Postal no medio rural é fundamental, tal e como reconece a Deputación de A Coruña, unha directiva europea, a 97/87, e hai normativas que obriga ao reparto postal cinco veces por semana da correspondencia.

Con esta moción pretenden darlle as ferramentas ao dous alcaldes para que intenten por todos os medios posibles, no peor dos casos, unificar os dous concellos; e no mellor sería que deixasen unha oficina técnica en Vedra. Di que non ten sentido promover os polígonos industriais de Vedra e Boqueixón e para realizar un servizo de paquetería ou un burofax, haxa que desprazarse a Santiago.

O Sr. Lema Mougán do PP di que van apoiar a moción.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE manifesta que se alegra que dende a Deputación de A Coruña se vele polos intereses dos concellos de menos de 20.000 habitantes. Consideran que como mínimo, coa declaración institucional que fixeron, deben manter o servizo, pero que non deben renuncia a conseguir máis servizos aínda que iso supoña ter que compartilos con Boqueixón. Polo tanto o seu grupo vai apoiar a moción.

Sométese a votación a moción de Veciñ@s de Boqueixón e BNG-AA Vedra para o mantemento das oficinas de correos nos concellos de Boqueixón e Vedra que é aprobada por unanimidade dos asistentes.

4º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

Déixase pendente para o seguinte pleno.

5º.- Rogos e preguntas.

--Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE pregunta:

1.- No pleno do 28 de novembro a Presidencia contestou sobre a urbanización de Miradoiro de Sales que estaban pendentes dun informe xurídico do Sr. Roibás. Está xa o informe? Se é así solicitan acceso a el en canto o teñan.

2.- Solicitan acceso ao convenio asinado con ADIF na Estación de Santa Cruz. Non debería estar colgado no portal de transparencia?

3.- Inciden tamén en se van contar co seu grupo para as obras que vai levar a cabo o concello. Cal é a intención para estender a rede de abastecemento e saneamento? En San Xián queda un anaco en Quintáns e outro en Paradela. Van terminalo?



--O Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE pregunta:

- 1.- Que está pasando na pista do pavillón polideportivo, porque seica apareceron uns vultos na pista. Por que se produciron? Ten custe a maiores? Teñen pensado poñer outro tipo de pista? Está mal posta? Cal é o problema?
- 2.- Así mesmo fai un rogo. Os usuarios que continuamente van a Santiago por San Fins, despois do taller hai zonas nas que as cunetas teñen bastante gravilla e rogaría que a limpasen así como as cunetas desa zona.

--O Sr. Castro Rocamonde do BNG-AA pregunta:

- 1.- O concello leva un ano e medio facendo obras na beira da estrada N-525 na Gándara nunha área que é de titularidade de Fomento na que se gastaron miles de euros (en terra, pedra, plantas, brigada verde, brigada de obras etcétera). Quen vai facer o mantemento desa área? Existe un convenio para que o faga Fomento? Que administración vai asumir iso? Considera que durante o ano pasado a xestión de limpeza de cunetas nas vías de titularidade municipal foi penosa e se aumentan a carga de traballo non vai ser moi factible. O ano pasado contratáronse medios privados para facer limpeza en áreas municipais e decidiron ir traballar ás que son competencias doutras administracións. Mesmo o concelleiro, Sr. Vázquez Martínez do PP, convidou nun pleno a que os veciños/as limparan as áreas públicas e lavadoiros porque o concello non daba feito.
- 2.- sobre as obras na explanada da estación de Santa Cruz que hai uns meses inaugurou a Conselleira de Medio ambiente e na que actualmente a superficie está toda irregular, mal executada e imposibilita que roden correctamente os carros de nenos e cadeiras de rodas; ten o concello algunha incidencia ao respecto no control de calidade da obra? Di que a obra debe ser emendada antes da devolución do aval á empresa.
- 3.- O concello asinou un convenio coa Fundación de Amigos do Ferrocarril para traer un vagón para a estación de Santa Cruz. Canto custou traer o vagón a Santa Cruz? Canto custou o proxecto de adaptación e adecuación? A proposta de usos do vagón (exposicións e usos culturais) está acorde ao convenio asinado polo concello?
- 4.- Hai meses solicitou, vía escrito, vía comisión e vía pleno; os datos do sistema de información de usuarios de servizos sociais e aínda non tivo resposta.

--O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA expón:

- 1.- Este luns fixo entrega dunha alegación á modificación parcial para sectorizar o polígono industrial, que posteriormente van entregar aos grupos do pleno, porque se trata dun acto de inxustiza e a desimputación das cargas que arrastra o polígono supón que se deixa sen financiar a EDAR de Ribeira e unha das cousas máis importantes que ten o PXOM é un documento económico onde se recollen todas as posibles liñas de financiamento das actividades que se van levar a cabo con ese PXOM. De tal maneira que existen sentenzas do Tribunal Supremo que anulan PXOM simplemente porque o incremento destas cargas excede a realidade da construción do PXOM.

A EDAR de Ribeira era unha das máis grandes que tiñan no concello, e deixa de costearse a cargo do polígono, porque é o normal que medio millón de metros cadrados de terreo industrial non hai forma de que se poidan infiltrar no terreo e máxime co entorno que ten alí, cun regato como está alí, de tal maneira que nalgún momento esa carga industrial ten que verter contra os colectores municipais. O resultado é que o concello ten que depurar augas que xa están predepuradas probablemente, no mellor dos casos, polo polígono industrial; pero o concello de Vedra vai ter que depurar iso. De calquera das maneiras se o PXOM segue adiante, o concello vai terminar depurando as



augas que se xeren no polígono e ese é o motivo polo que a Xunta de Galicia, no seu momento, obrigou a imputar as EDAR ao polígono de Vedra, e é o motivo polo que a Xunta de Galicia obriga insistentemente en todos os PXOMs a imputar as cargas das EDAR aos polígonos industriais. Deste xeito, desimputar a EDAR é un gravísimo erro que pode levar mesmo á anulación completa do PXOM.

Polo tanto solicita:

1.- Que se volva a facer o cálculo de habitantes equivalentes co que se “dimensionou” a EDAR de Ribeira.

2.- Tendo en conta que aínda non está aprobada a modificación parcial, pendente de informes, e que tal e como está agora vixente o PXOM no que a EDAR de Ribeira depuraba Vedra, Trobe, polo que a EDAR que se prevé facer en Bazar está incluída no que sería en orixe a EDAR de Ribeira; solicita que se impute o custe do proxecto da EDAR de Bazar máis a construción da mesma ao PXOM, porque se non cometeríase unha fraude.

O PXOM é unha lei, é lexislación. O PXOM di que a depuración da conca que recolle a depuradora de Ribeira correspóndello ao polígono industrial. Non hai modificación parcial do polígono industrial, polo tanto non hai desimputación, polo tanto a EDAR de Bazar ten que estar imputada ao polígono industrial.

Recórdalles o que di o PXOM relativo a este punto sobre o SUN-4, que é o do polígono industrial: “O SUN-4 executará e custeará as seguintes obras de conexión coas redes de servizo existentes e/ou a ampliación e reforzo das mesmas, requiridas ante as novas demandas xeradas polo sector. A depuradora da EDAR de Ribeira, os colectores CX1 ao 100% e CX2 ao 100% e todo o que teña que ver co reforzo das acometidas de auga”

Son conscientes que se conseguen levar a cabo ese plan parcial e desimputar ao polígono industrial o reforzo que se necesita para a acometida de auga para subministrar auga a medio millón de metros cadrados de solo industrial?

Saben o que significa iso?

O Sr. Pose Rodríguez fai entrega da alegación ao PP e ao PSdG-PSOE.

2.- Solicita un informe sobre unha noticia que apareceu nos xornais, onde di que o concello de Lalín se dá de baixa da agrupación da Área de Santiago, parece ser porque non son capaces de xustificar os gastos anuais. Solicita un informe onde diga a veracidade desta noticia, e no caso de ser certa, solicita que o concello de Vedra se dea de baixa do citado clúster Área de Santiago.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e dez minutos.